



En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45-1º da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas faise constar que:

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

#### ASISTENTES:

##### PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias  
(Xefe Territorial)

##### VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos  
(Xefa do Servizo de Montes)

Xesús Santaló Ríos  
(Representante do Colexio de  
avogados de Pontevedra)

X. Carlos Morgade Martínez  
(Representante das CMVMC de  
Pontevedra)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do 14/06/2022 coa asistencia das persoas á marxe indicadas, mediante videoconferencia os representantes da CMVMC do Viso e de xeito presencial os membros restantes, reúnese, no 2º andar do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado **Torreiro da Gándara**, solicitado a favor da **CMVMC do Viso**, na parroquia do Viso (**Redondela**)

#### VOGAIS REPRESENTANTES DOS VECÍÑOS DA CMVMC DO VISO (REDONDELA)

Álvaro Cabaleiro Durán  
Xosé Covelo Miguez

#### SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo  
(Funcionaria adscrita ao Servizo  
xurídico administrativo)

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

**PRIMEIRO** - Con data 21/10/20 tivo entrada escrito da CMVMC de O Viso, parroquia de Redondela, interesando a clasificación de tres parcelas en favor da sinalada CM, sendo as súas referencias catastrais:

- a) 36045A006006760000WA
- b) 36045A006010620000WI ✕
- c) 000413100NG38C0001HA

#### REGISTRO DE LA PROPIEDAD DE REDONDELA

Entrada Nº: 4027/2022

Asiento Nº/Diario: 1267/90

Fecha Presentación: 05/12/2022 12:00:00

Adminis./Ayunt.: XEFATURA TERRITORIAL, CONSELLER...

Documento: RX2080546/2022 Fecha documento: 16/11/2022

Caducidad: 01/03/2023

XEFATURA TERRITORIAL  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Edificio Administrativo de Campolongo  
Avda. María Victoria Moreno, 43 - 2º  
36071 - Pontevedra  
T. +34 986 805 091 - 986 805 409  
xefaturaterritorial.mrpo@xunta.gal



Con el achegan:

- Cartografía dixital.
- Referencias catastrais.
- Contrato de cesión de uso entre a indicada CMVMC e a Asociación Cultural Tuimil.
- Certificación da Asamblea acordando a petición de clasificación.
- Recibos I.B.I.
- Documentos propiedade de lindeiros
- Declaracións xuradas de propietarios estremeiros.

**SEGUNDO** - A Sección de Topografía informa que a planimetría permite identificar as tres parcelas e que os terreos a) e c) sinalados no antecedente anterior xa están clasificados segundo a revisión do esbozo do monte Gándara efectuada no ano 2016 a prol da Comunidade do Viso.

**TERCEIRO** - En reunión deste Xurado de data 26/04/2021 acordouse a iniciación de expediente para a clasificación da parcela con referencia catastral 36045A006010620000WI e unha cabida de 284 m<sup>2</sup>, e a non incoación das restantes dúas parcelas por estaren xa clasificadas.

**CUARTO** - Con data 8/05/2021 ten entrada escrito da CMVMC do Viso solicitando a clasificación da parcela 36045A006010620000WI aportando certificación de titularidade catastral, descritiva e gráfica.

**QUINTO** - O Informe do Servizo de Montes sinala que a parcela denominada "Torreiro da Gándara", de 284 m<sup>2</sup> é coincidente coa parcela catastral 36045A006010620000WI e consta a nome da CMVMC do Viso, concello de Redondela. O terreo está separado polo Leste do resto do monte veciñal por un camiño asfaltado. A parcela está perfectamente delimitada, ao Norte e Leste por camiño asfaltado e ao Sur e Oeste por un valo de formigón de 1,5 metros de altura nuns tramos e 0,5 metros noutros.

No momento da inspección a parcela atopábase desbardada, contendo un pé do xenro Thuja duns 10 metros de altura e catro pés recentemente plantados duns 2 metros de altura, tres de Liquidambar e un do xenro Thuja. Non se aprecia uso específico ningún, como non sexa o de recreo ao estar ao carón do campo das festas.

**SEXTO** - Con data 30/09/21 o Rexistro da Propiedade de Redondela-Pontecaldeas certifica que a finca denominada "Monte Torreiro da Gándara", dunha superficie de 284 m<sup>2</sup>, sita na parroquia de O Viso, concello de Redondela e que linda: Norte, camiño público; Sur, Mercedes Otero Montero; Este, camiño público e Oeste, José García Cabaleiro, non consta inscrita no indicado Rexistro.

**SÉTIMO** - Sometido o expediente á preceptiva información pública e trámite de audiencia



previstas legalmente, non se recibiu alegación ningunha.

**OITAVO** - Con data 12/01/2022 practícase anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Redondela-Pontecaldelas en favor da CMVMC do Viso.

**NOVENO**- Con data 15/05/22 recíbese escrito da CM solicitante aportando declaración xurada dun veciño estremeiro co monte obxecto da solicitude.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO**- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter segundo o establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

**SEGUNDO**- O artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común define o monte veciñal en man común: "Son montes veciñais en mano común e se rexerán por esta Lei os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños".

Deste xeito para que un monte sexa declarado veciñal en man común o aproveitamento debe quedar acreditado non só nun pasado, senón tamén no presente e de forma continuada, así o establece o antedito artigo 1 da Lei 13/1989 e as diversas resolucións xudiciais que o interpretan, concluíndo que o decisivo para a inclusión dun monte na categoría de veciñal en man común, é que resulte acreditada a constante posesión continuada do aproveitamento dos montes polos veciños promotores de xeito continuado.

**TERCEIRO**- Da información obrante no expediente entende o instructor que concorren no presente suposto tódolos requisitos legal e xurisprudencialmente exixidos para acceder á pretensión da CM solicitante.

Dese xeito, consta que a parcela está perfectamente identificada e figura catastralmente a nome da CMVMC do Viso, coa consecuencias das presuncións posesorias e de aproveitamento que iso implica.

Non obstante, tal circunstancia non resulta suficiente para a clasificación interesada ao declarar a xurisprudencia (vid. vgr. st. TS 24/04/00) que nin as inscricións nin os asentos en determinados rexistros, nin as presuncións posesorias que delas poden derivarse, permiten prescindir da necesidade de acreditar un aproveitamento consuetudinario.



Ao respecto compre salientar que a parcela cuxa clasificación se interesa, xunto con dúas mais que xa constan a nome da CM, foron obxecto de cesión temporal á asociación cultural Tuimil. Ademais, na parcela en cuestión foron plantadas recentemente varias especies arbóreas e que se atopa desbarbada.

Neste senso semella que a parcela non foi incluída na revisión do esbozo do ano 2016 (xunto coas parcelas con referencia catastral 36045A006006760000WA e 000413100NG38C0001HA) por estar separada delas por un vial público; máis resulta evidente que forma parte do conxunto no que se integra. A maior abundamento consta declaración xurada dun propietario estremeiro que manifesta que dita parcela ven sendo aproveitada pola CM de xeito inmemorial. E finalmente o feito de non se teren feito alegacións á pretensión de clasificación reforza a condición de monte veciñal da parcela.

En consecuencia, vista a Lei 13/1089, de 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, así como os demais preceptos legais e regulamentarios de aplicación, **O XURADO** por unanimidade **ACORDA : CLASIFICAR** como monte veciñal en man común a parcela denominada **"TORREIRO DA GÁNDARA", dunha superficie de 284 m<sup>2</sup> e referencia catastral 36045A006010620000WI a favor da CMVMC do Viso**, concello de Redondela, de acordo á descrición reflectida anteriormente e conforme a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes que forma parte inseparable da presente resolución .

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Presidente do Xurado provincial de clasificación de montes veciñais en man común.

Antonio Crespo Iglesias





**Monte "Torreiro da Gándara"**  
**36045A006010620000WI**  
**284 m.<sup>2</sup>**

Revisión de esbozo  
da CMVMC de O Viso  
2016



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE HACIENDA  
Y FUNCIÓN PÚBLICA

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE HACIENDA

DIRECCIÓN GENERAL  
DEL CATASTRO

# CERTIFICACIÓN CATASTRAL DESCRIPTIVA Y GRÁFICA

127

Referencia catastral: 36045A006010620000WI

## DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

**Localización:** Polígono 6 Parcela 1062 A GANDARA. REDONDELA [PONTEVEDRA]

**Clase:** Rústico

**Uso principal:** Agrario

**Valor catastral [2022]:** 74,29 €

**Valor catastral suelo:** 74,29 €

**Valor catastral construcción:** 0,00 €

## Titularidad

| Apellidos Nombre / Razón social                                | NIF/NIE   | Derecho                 | Domicilio fiscal                                                 |
|----------------------------------------------------------------|-----------|-------------------------|------------------------------------------------------------------|
| COMUNIDAD DE MONTES VECINALES<br>EN MANO COMUN DE LA PARROQUIA | V36101525 | 100,00% de<br>propiedad | EX ESTRADA DA TEIXEIRA 70 O VISO<br>36810 REDONDELA [PONTEVEDRA] |

## Cultivo

| Subparcela | Cultivo/Aprovechamiento        | IP | Superficie m <sup>2</sup> | Subparcela | Cultivo/Aprovechamiento | IP | Superficie m <sup>2</sup> |
|------------|--------------------------------|----|---------------------------|------------|-------------------------|----|---------------------------|
| 0          | PR Prado o Praderas de regadío | 01 | 284                       |            |                         |    |                           |

## PARCELA CATASTRAL

**Superficie gráfica:** 284 m2



Este certificado refleja los datos incorporados a la Base de Datos del Catastro. Solo podrá utilizarse para el ejercicio de las competencias del solicitante.

**Solicitante:** EMPLEADO REGISTRADOR 26 DE REDONDELA-PONTE CALDELAS

**Finalidad:** Registro

**Fecha de emisión:** 20/12/2022

Documento firmado con CSV y sello de la Dirección General del Catastro  
C.S.V.: FQWBRPWYJT7X4AP (verificable en <https://www.sedecatastro.nch.es/>) | Fecha de firma: 20/12/2022

